

Acta Asemblea en Común extraordinaria a petición do GT Institucional con motivo do inminente pleno substitutorio de Agosto

Data: Martes 28 Xullo de 2015

Lugar: Local OUeC (As Burgas)

Hora: 20h

1.) Ratificación carácter de urxencia da convocatoria.

Atendendo ao novo protocolo de convocatoria de asembleas aprobado na AeC do 17/7/2015 será necesaria ratificar a urxencia da convocatoria con anterioridade a celebración da mesma.

Neste caso o GT Institucional presenta que a urxencia débese a inminente celebración do pleno do mes de agosto que foi adiantado ao xoves 30 de xullo.

Ratificada a urxencia por unanimidade.

2.) Información do GT Institucional dando conta da súa actividade dende a anterior asemblea.

- Xunta de voceiras 20/07/2015:

→ Alcaldía e os tres grupos municipais (PP, DO e PSdeG) deciden adiantar o pleno do mes de agosto ao 30 xullo alegando motivos de conciliación do persoal do concello e a imposibilidade de executar este sen o persoal que estará de vacacións. Un argumento cuestionable polo que votamos en contra, xa que logo ponse en evidencia a eficiencia do concello. Ademais é falso porque convocarán agora un pleno extraordinario en agosto para aprobar a modificación de crédito.

→ Alcaldía e os tres grupos municipais (PP, DO e PSdeG) deciden limitar o número de mocións por grupo ata un máximo de 3 e limitar tamén os tempos (6 en 1ª intervención e 3 na 2ª).

→ Aclárase que DO solicitou o pago integro do anterior trimestre adaptado á realidade derivada do 24M polo que procederá igual co resto de grupos.

- Xuntas de Área 21/07/2015

Infórmase das temáticas avanzadas en cada xunta, a información solicitada e as vías de traballo abertas na actualidade:

→ Facenda, Persoal e Servizos...: dáse conta da información solicitada (RPT, Software...) e especialmente da manipulación pretendida dende o equipo de goberno procurando inserir inversións puramente políticas como 450.000 € en publicidade institucional xunto con facturas e convenios pendentes. Unha vez rectificado e pactado con DO e PSdeG a súa retirada do próximo pleno, obviando por completo o papel de OUeC, propónsenos a posibilidade de facer unha proposta de inversión específica.

Debátese a posibilidade e descártase tal posibilidade por detectar un novo intento de instrumentalización e OUeC solicitará debater a modificación de crédito por separado e en detalle.

Nota: contacto mediante correo electrónico en
cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com

→ Urbanismo...: dáse conta da pouca disposición do responsable da área de avanzar no PXOM ou outros ámbitos ata setembro.

→ Cultura...: dáse conta da solicitude de documentación como o convenio da Banda Municipal, o obradoiro do Miño...

→ Benestar...: dáse conta da solicitude de documentación sobre a contratación da empresa Seralia, concesionaria de limpeza e atención de axuda a domicilio ameazada de ERE. Expediente Ourense Integra. Tamén solicitouse información sobre convocatoria dos consellos municipais.

→ Infraestruturas...: dáse conta das preguntas sobre subveccións ao transporte vinculadas a Seixalbo, Centro de Coñecemento da Molinera...

NOTA: Encomendas ao grupo: acta síntese (LPD) despois de cada xunta e compartir co resto de OUeC.

- Encontro Policía Local 22/07/2015

Acta pendurada na web (link: <http://ourenseencomun.info/reunion-policia-local/>)

- Acto de renuncia 22/07/2015

Máis info na web (link: <http://ourenseencomun.info/renuncia-a-privilexios-no-concello/>)

- Consello Municipal de Deportes 23/07/2015

Preséntase con preocupación a cantidade de subveccións nominativas que se resolven neste consello sen procesos abertos nin convocatorias públicas.

NOTA: Encomendas ao grupo: acta síntese (LPD) despois de cada xunta e compartir co resto de OUeC.

- Comisión de Pleno 24/07/2015 (expediente modificación de crédito)

Comentado arriba (Xunta de Facenda)

- Roteiro dede presentación e diagnose

Parado porque había outras emerxencias. Seguirase facendo.

- Autorización GT Legal e Finanzas acceso conta grupo municipal

O banco está informado pero están procurando como implementalo xa que é a primeira vez que algo semellante acontece.

- Mocións presentadas para o pleno extraordinario substitutorio do mes de agosto

Penduradas na web (link: <http://ourenseencomun.info/acto/pleno-150730/>)

- Liñas de traballo actual do GT Institucional

RPT, organigrama Concello, Inventario Patrimonio, Concurso Transporte Público, Matadoiro...

Renuncia privilexios: subscrición xornais en formato físico e acceso a Dropbox compartido prensa.

Sistema de canalización para mocións, preguntas, rogos, etc.

Nota: contacto mediante correo electrónico en
cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com

3.) Proposta criterios de selección persoal de libre designación:

- Accedese a debater a proposta de Mediación
- Solicítase ao GT Institucional a consulta sobre unha modificación do contrato en ½ xornada para dúas persoas en lugar dunha única a tempo completo.

Dende dinamización da asemblea fan un chamamento a debater primeiro o punto seguinte debido a urxencia do pleno e deixar este para despois no caso de que sexa posible posto que non ten a mesma urxencia. Acéptase por consenso a modificación na orde do día.

4.) Pleno extraordinario substitutorio mes de agosto.

A posición e argumentario de OUeC con respecto ás mocións presentadas polo resto de grupos municipais será a seguinte. Visionar parte resolutive pleno (a partir do minuto 6:00):

http://original.livestream.com/tvourense/video?clipId=pla_d7cb004b-1be9-4dce-8e24-0f160f3d8891&utm_source=lslibrary&utm_medium=ui-thumb

Levántase a sesión

Lembrase que non se convocará unha nova asemblea ordinaria con información dos GT ata o mes de setembro pero que é necesario convocar extraordinarias para tratar os seguintes temas:

- Criterios de selección de persoal de libre designación. Punto adiado na asemblea deste día por mor do retraso na mesma.
- Expediente modificación de crédito. Que será tramitado seguramente na primeira quincena do mes de agosto.

Acórdase convocar asemblea extraordinaria por parte do GT Institucional para o próximo martes 4/8/2015 ás 20h no local de Ourense en Común nas Burgas.